



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SUBGRUPO A2 (EXPDTE. 2023/E001/000002)

FASE DE OPOSICIÓN. PRIMEIRA PROBA. PREGUNTAS TIPO TEST

En Ordes, a 24 de agosto de 2023, sendo as once horas reúnese a distancia por medios electrónicos (videoconferencia) o Tribunal que ha de xulgar o PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SUBGRUPO A2, convocada por resolución de alcaldía nº 419/2023, de data 20 de marzo de 2023.

Asisten:

- . **Presidente:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **3º Vogal:** Beatríz Oveja Villafañe, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Non asiste:

- . **2º Vogal:** Andrés Luis Blanco Villares, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Técnica.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente á o exame das reclamacións presentadas contra a cualificación provisional da Primeira proba, fase de oposición, cuestionario tipo test, que son as seguintes:

I.- Reclamación presentada por **ALBERTO RÚIZ VALENCIA**, con DNI nº ***0836**, con data 17/08/2023, rexistro de entrada nº 202399900001941:

Solicita a revisión da puntuación, considera que se contabilizou como pregunta errónea dúas veces a pregunta nº 1 e nº 9 (Anulada polo Tribunal).

Revisada a puntuación outorgada a cada unha das preguntas contestadas polo aspirante, a súa contabilización é correcta.

Desestímase a alegación presentada.

II.- Reclamación presentada por **IRIA PONTE REIRIZ**, con DNI nº ***1715**, con data 21/08/2023, rexistro de entrada nº 202399900001955:

Solicita anulación das preguntas e polos motivos seguintes:

PREGUNTA Nº 7. Resposta correcta letra c) por aplicación do disposto no art. 35.3 da Lei orgánica 2/1979, de 3 de outubro (LOTIC), que sinala que o plantexamento da cuestión de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

constitucionalidade orixinará a suspensión provisional das actuacións no proceso xudicial ata que o Tribunal Constitucional se pronuncie sobre a súa admisión.

PREGUNTA Nº 38. Anulación da pregunta por non estar relacionada co Tema 58 (Anexo III. Bases reguladoras da convocatoria), que unicamente se refire á Prevención de riscos laborais: dereitos e obrigacións dos traballadores en materia de seguridade e saúde no traballo.

PREGUNTA Nº 39. Anulación da pregunta por non estar relacionada co Tema 59 (Anexo III. Base reguladoras da convocatoria), que unicamente se refire á Protección de datos persoais: Disposicións xerais. Principios e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

PREGUNTA Nº 42. Respostas correctas letras a) e c). O preámbulo da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, sinala que resulta necesaria unha acción normativa dirixida a combater todas as manifestación aínda subsistentes de discriminación, directa ou indirecta (...).

PREGUNTA Nº 70. Anulación da pregunta por non estar relacionada co Tema 46 (Anexo III. Base reguladoras da convocatoria), que unicamente se refire á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: Disposicións comúns ás subvencións públicas. Procedementos de concesión e xestión das subvencións.

PREGUNTA Nº 98. Resposta correcta letra c) por aplicación do art. 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo (LALGA). As afirmacións das letras a) e b) son correctas.

PREGUNTA Nº 101. Respostas correctas letras b) e c). Aplicación do art. 124.4.d) e 5) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Examinadas as reclamacións presentadas, e os motivos que as xustifican, polo Tribunal considérase o seguinte:

PREGUNTA Nº 7. A resposta correcta é a letra b). O art. 163 CE sinala de forma expresa que o plantexamento por un órgano xudicial dunha cuestión de inconstitucionalidade, en ningún caso, terá efectos suspensivos. O art. 35.3 LOTC fala dunha suspensión provisional, que non é o obxecto da pregunta nº 7. O art. 35.3 LOTC non pode ir en contra do establecido no art. 163 CE polo principio de xerarquía normativa.

A resposta correcta é a letra b).

Desestímase a alegación plantexada.

PREGUNTA Nº 38. Estímase a alegación plantexada. Anulándose a pregunta. Substituíndose pola pregunta nº 102 de reserva.

PREGUNTA Nº 39. Estímase a alegación plantexada. Anulándose a pregunta. Substituíndose pola pregunta nº 103 de reserva.

PREGUNTA Nº 42. O art. 1 .1da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, sinala de forma expresa: (...) Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, (...).

A resposta correcta é letra a).

Desestímase a alegación plantexada.

PREGUNTA Nº 70. Estímase a alegación plantexada. Anulándose a pregunta. Substituíndose pola pregunta nº 104 de reserva.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

PREGUNTA Nº 98. Para responder esta pregunta debe estarse ao establecido no art. 3.2 LBRL, que constitúe a lexislación básica en materia de réxime local, e que prevalece sobre o establecido na LALGA. As entidades de ámbito territorial inferior ao municipal non gozan da condición de entidades locais. Os consorcios non aparecen enumerados no Título IV da LBRL (Outras entidades locais), arts. 42 a 44.

A resposta correcta é a letra b).

Desestímase a alegación presentada.

PREGUNTA Nº 101. A interesada concorre a un proceso selectivo dun municipio de réxime común, polo que sendo convinte coñecer o réxime xurídico aplicable aos municipios de grande poboación, os coñecementos principais e fundamentais deben ser os do réxime xurídico aplicable aos municipios de réxime común, polo que a resposta a esta pregunta debe ser de conformidade co establecido nos arts. 21, 22 e 23 LBRL.

A resposta correcta é a letra c).

Desestímase a alegación presentada.

Vistas as alegacións presentadas, a resposta do Tribunal a cada unha delas, procédese seguidamente a puntuación das preguntas de reserva nº 103,104 e 105, sendo a cualificación final é definitiva desta Fase de oposición, primeira proba, cuestionario tipo test, a seguinte:

DNI	Ben	Mal	Non contestadas	Total	Puntuación
***4156**	83	12	5	100	7,9
***3716**	76	14	10	100	7,133
***1715**	77	19	4	100	7,066
***8675**	65	29	6	100	5,533
***5038**	63	23	14	100	5,533
***0836**	66	34	0	100	5,466
***9065**	56	26	18	100	4,733

Polo Tribunal declárase, de conformidade co establecido na Base 5ª.2 reguladora da convocatoria, que superan a Fase de oposición, primeira proba, cuestionario tipo test, os aspirantes seguintes:

DNI
***4156**
***3716**
***1715**
***8675**
***5038**
***0836**



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo tribunal acórdase publicar a resposta ás alegacións presentadas, cualificación e puntuación definitiva da Fase de oposición, 1ª proba, cuestionario tipo test, na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello, con indicación da puntuación obtida por cada un dos aspirantes.

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección, resposta ás alegacións presentadas, cualificación definitiva e puntuación da fase de oposición, primeira proba, cuestionario tipo test,, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as doce horas e quince minutos do día ao principio sinalado.

A Presidenta
María José Nartallo Penas
(asinado dixitalmente)

O Secretario
Juan Luis González Iglesias